

Montañas e peregrinos nos Camiños de Santiago

Marco Piccat
Università degli Studi di Trieste (I)

Resumo: A montaña foi, para todo o Medievo, elemento natural da paisaxe co cal os homes tiñan que contar por forza; por esta razón entrou a formar parte do patrimonio das emocións que moitos narradores, nomeadamente os viaxeiros-peregrinos, quixeron expresar en diversas linguas. Un exemplo excelente dos problemas relativos ao ascenso ou paso das montañas dos diversos países sinalados e das súas múltiples representacións mentais contense nos textos que se integran na rica tradición odepórica das viaxes a Santiago de Compostela. Aquí as referencias culturais devesen continuas e insistentes: algunhas veces, a idea da montaña evoca cultos e tradicións da civilización antiga; outras, os perigos concretos que supón atravesalas, sobre todo durante os meses invernais, representan un sinal vivo das presenza diabólicas, e por último, outras veces convértense en “notas de actualidade” dun momento histórico no cal os infelices, coma lobos á procura de presas, buscaban, nas montañas, a posibilidade de fuxir ao seu triste destino. Aínda así, na peregrinación a Santiago existían montañas especiais, lugares puros onde o sagrado resplandece: algunhas en localidades próximas ao punto de partida; outra, importante, na entrada ás terras de España, pero a máis grande, a do “gozo”, erguíase ás portas da cidade de Santiago. Estas notas queren ser unha breve invitación a percorrer, aínda que sexa virtualmente, o encontro con esas montañas e a súa ascensión.

Palabras clave: Camiño de Santiago; Montañas; medo; sagrado; *Codice Calixtino*; *Chanson de Roland*; *Cronaca de Novalesa*; Bernardo de Aosta; Pedro o Venerable; Misterio de Bernardo de Menthon.

O Camiño, que nace e se percorre dende o século X para conducir os peregrinos europeos perante a tumba do apóstolo Santiago en Galicia, é, na súa natureza máis íntima, un auténtico e verdadeiro itinerario que vai dunha montaña á outra¹, posto que na lenta aproximación a Compostela cumpría afrontar múltiples e diversas alturas.²

A experiencia da “subida” non era, de certo, unha sorpresa: a imaxe clásica do peregrino, desde a súa primeira aparición nos albores do século XI, tiña como signo distintivo, entre outros, para aquel que decidira arrostrar esta aventura, o bordón cunha

¹ Cfr. SCUDIERT RUGGERI, J., “Il pellegrinaggio compostellano e l'Italia”, en *Cultura Neolatina*, XXX (1970), p. 185-198.

² Cfr. PLOTZ, R., “Il cammino e i luoghi”, en *Il mondo dei pellegrinaggi. Roma, Santiago, Gerusalemme*, a cargo de Caucci von Saucken, P., Milán, 1999, p. 75-102.

significativa punta metálica, un auténtico *piolet*³ ‘ante litteram’, no que estearse nos pasos máis difíciles⁴.

Con este propósito, a imaxe que se ofrecía dos montes nas Vidas dos Santos presentadas na *Guía do Peregrino a Santiago* (século XII)⁵, posuía significativos e exemplificadores engados, aínda que de diferentes valores.

De feito, en relación con san Trófimo e san Capariso, a lenda contaba que as alturas asumiran para eles un papel protector e de defensa: o primeiro, arcebispo de Arles e corpo santo que cómpre visitar nada máis iniciarse a peregrinación compostelá ao longo da vía Tolosana⁶, abeirárase nelas cando o perseguían uns sacerdotes pagáns. Na gruta que atopou no picouto da branca montaña xurdiu axiña a famosa abadía de Montmajour⁷; o segundo, bispo de Agen e coprotagonista da paixón de santa Fe, venerada na igualmente célebre abadía de Conques sita na vía Podense, fôrase agochar cos seus fieis nas cavernas dos montes próximos á cidade⁸ para fuxir das persecucións, e desde unha das súas cimas seguiu, de lonxe, o martirio da moza virxe.

No caso de santa María Madalena, venerada á súa vez na grandiosa abadía de Vézelay, onde comeza a vía Lemovicense, a montaña tolosana era, segundo a tradición antiga, o lugar de tricenal penitencia e de oración⁹; por último, para Martiño¹⁰, bispo e confesor, cuxo corpo se recomendaba visitar aos peregrinos que camiñaban pola vía Turonense¹¹, o monte convertérase na sede por excelencia do último e sorprendente exorcismo: o santo identificou no cumio do monte Beauvray o lugar idóneo para extirpar definitivamente o antigo culto druídico das *pietre folli*¹².

Na realidade cotiá da Humanidade en camiño cara a Santiago, as montañas xurdían prestas a interromper a fileira das chairas e a demandar sempre novas fatigas, calquera que fose, das catro rutas mencionadas ata agora, aquela seguida polo peregrino¹³.

3 Para o rito do *accipe baculum, accipe peram*, cfr. CAUCCI VON SAUCKEN, P., “Culto y cultura de la peregrinación a Santiago de Compostela”, en AA.VV., *Visitandum est, Santos y Cultos en el Codex Calixtinus, Actas del VII Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, Santiago de Compostela, 2005, p. 91-106.

4 Para a súa presenza no vasto panorama iconográfico medieval, cfr. JACOMET, H., “Saint Jacques, apôtre et pèlerin: proximité et distance”, en AA.VV., *L'image du pèlerin au Moyen Age et sous l'ancien Régime*, baixo a dirección de Sigal, Rocamadour P. A., 1994, p. 330-382.

5 A Guía, texto básico para comprender a esencia da aventura compostelá, está contida no *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, ed. HERBERS, K.-SANTOS NOIA, M., Santiago de Compostela, 1999.

6 Cfr. BOTTINEAU, Y., *Les chemins de Saint-Jacques*, París, 1966, p. 71-96; OURSEL, R., *Les pèlerins du Moyen Age*, París, 1963, 138-140; CHÉLINI, J.-BRANTHOMME, H., *Les chemins du Dieu. Histoire des pèlerinages chrétiens des origines à nos jours*, París, 1982, p. 165-168.

7 Cfr. “*Primitus namque his qui per viam Egidianam ad Sanctum Iacobum tendunt, beati Trophimi confessoris corpus apud Arelatem visitandum est...*”, *ibidem*, p. 241.

8 Cfr. “*Quod ut vidit beatus Caprasius, antistes urbis Agenti, qui rabiem persecutionis evitans latebat in quadam spelunca...*”, *ibidem*, p. 244.

9 “*Hec vero... aliisque Dominicis discipulis usque ad Provincie patriam per mare, scilicet per portum Marsilie, pervenit, in qua scilicet patria celibem vitam per aliquot annos duxit...*”, *ibidem*, p. 244.

10 Cfr. tamén STELLA CALÒ MARIANI, M., “Santos a lo largo del camino de los peregrinos: san Martín de Tours”, en AA.VV., *Visitandum est, op. cit.*, p. 39-52.

11 Para os santos venerados na vía Turonense, cfr. OURSEL, R., *Le strade del Medio Evo*, Milán, 1982 (trad. it. de *Routes romanes*, 1, St. Léger Vauban, 1982), p. 177-190.

12 Cfr. *ibidem*, p. 246.

13 Cfr. VÁZQUEZ DE PARGA, L., “Itinerarios y relatos de viajeros”, en VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA, J. M. e URÍA RIU, J., *Las peregrinaciones a Santiago*, I, Madrid, 1948, p. 201-245.

De feito, os camiñantes¹⁴ borgoñóns da rexión do Ródano e os tudescos que, escollendo a vía Podense, optaban por emprender a viaxe desde o célebre santuario de Nôtre Dame en Le Puy, dispoñíanse a camiñar a través do territorio que se albisca dende o alto Velay, as gargantas do Allier, os páramos da Margeride sobre os canóns da Truyère, o altiplano do Aubrac... e todo isto antes de entraren en Rouergue.

Os que elixían a vía Lemovicense, tomando como punto de partida a famosa abadía de santa María Madalena en Vézelay, pasaban preto das pendentes da Marca, ciscadas de pedras enmeigadas e cortadas por cavorcos, en palabras de Raymond Oursel, nas que se estancaban *invisibili gourg*.

No caso de todos os demais, bretóns, normandos, picardos, habitantes de Flandres, de Provenza, de Languedoc e das Cevenne, que se desprazaban seguindo a vía Turonensis, considerada o *magnum iter Sancti Jacobi*, posto que recollía gran parte dos peregrinos do norte e do centro de Europa, o primeiro e importante obstáculo que aparecía despois de Oloron estaba constituído pola cadea pirenaica.

Para os italianos do sur e do centro da península, os mesmos que tiñan que percorrer o “auténtico camiño de Santiago”¹⁵, as dificultades eran aínda meirandes e moi anteriores, xa que moito antes de entraren na segura vía Tolosana ou de Saint Gilles, tiñan que cruzar por forza a cadea montañosa dos Apeninos, preferentemente polo porto do monte Bordone, que se corresponde coa actual Cize. O antigo homónimo empregado para indicar un lugar e un camiño, o *Alpem Bardonis* citado por Paolo Diacono¹⁶, chegou a utilizarse co tempo para indicar unha boa parte dos Apeninos toco-emilianos. Cando os Longobardis deron en chamarse Francos, o camiño que a través deste porto enlazaba con Pavía cobrou unha importancia aínda maior e pasou a chamarse *via Francisca* ou *stratam Francigenam*, xa que era, segundo a interpretación de Renato Stopani, “*strada originata dalla Francia, termine geografico, quest’ultimo, che nella normale accezione medievale includeva, oltre all’odierna regione francese, anche l’antica ‘Lotaringia’, cioè l’asse renano sino ai Paesi Bassi*”¹⁷.

Que parte dos peregrinos que ían e regresaban de Roma utilizaban o devandito paso está testemuñado documentalmente a partir do século X, nunha época case contemporánea á peregrinación directa a Compostela organizada polo bispo Gotescalco dende Le Puy¹⁸.

Tamén percorrían a *stratam Francigeam*, como é sabido, peregrinos do centro e do sur de Italia que se dirixían por terra ao santuario de Santiago en España e chegaban

14 Cfr. para todas as indicacións de viaxe que se proporcionan aquí: OURSEL, R., *La via Lattea. I luoghi, la vita, la fede dei pellegrini di Compostella*, Milán, 1985 (trad. it. de *Routes romanes* 2, St. Léger Vauban, 1984), p. 26 e ss., 311 e ss.

15 A expresión está tratada por FONTANA, B., *Itinerario o vero viaggio da Venetia a Roma... seguendo poi per ordine di Roma fino a santo iacobo in Galitia...* Venecia, 1550; tamén en FUCELLI, A., *L’“Itinerario” di Bartolomeo Fontana*, Perugia, 1987, p. 69-130.

16 Cfr. *Historia Longobardorum*, VII, 58 “*Quadragesimorum tempore per Alpem Bardonis Tusciam ingressus*”.

17 Cfr. STOPANI, R., *La Via Francigena. Una strada europea nell’Italia del Medioevo*, Florencia, 1995, p. 14.

18 Cfr. VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA, J. M. e URÍA RIU, J., *Las peregrinaciones a Santiago, op. cit.*, I, p. 41-42.

ata as cidades de Pavía ou Piacenza. Unha vez reunidos alí, debían decidir qué camiño tomar antes de superar unha nova e máis difícil proba¹⁹: o paso dos Alpes.

Dende o Piamonte e o Val de Aosta, as calzadas romanas que conducían cara á Galia cobregueaban ao longo do Dora Baltea e do Dora Riparia²⁰.

A primeira ascendía dende Pavia, e a través de Novara, Vercelli e Ivrea chegaba a Aosta; aquí dividíase en dous ramais cara aos dous portos. Un dos dous salvaba o Pequeno San Bernardo e morría en Tarantasia, namentres que o outro, a través do Gran San Bernardo, chegaba a Martigny e dirixíase cara a Lyon.

A segunda calzada, a que beireaba o Dora Riparia, unía Turín con Susa e dende alí esgallábase a modo de forca. O ramal máis transitado na antigüidade pasaba por Oulx, Cesana e, a través do Monginevro, descendía a Briançon e chegaba a Embrun.²¹

Unha segunda ramificación, que empezou a ser moi transitada a partir da época carolinxia, pasaba pola abadía de Novalesca, ía ata o porto do Moncenisio e dende aquí encamiñábase a Lansleburg e o val de Maurienne. Este último, aínda que xa se franqueaba anteriormente como alternativa ao Gran San Bernardo, converteuse a partir dos séculos XI e XII no camiño occidental máis importante de entrada e saída de Italia²².

O sentimento experimentado polos peregrinos fronte aos cumios que debían superar non debía de ser moi diferente dos que nos transmite o texto da *Chanson de Roland* (século XI) cando fala dos soldados do emperador Carlomagno en marcha cara aos Pireneos; quer dicir, unha mestura de pasmo e de medo. *Halt sunt li pui e li val tenebrus...*²³, que axiña se trocaba en *grant dulur*.

Dannos fe deste sentimento as cartas dun dos homes máis instruídos e seica imperturbable do seu tempo, Pedro o Venerable, abade de Cluny²⁴, quen, atopándose en circunstancias semellantes, plasmou nunha páxina as súas impresións.

O famoso abade cluniacense, cando en 1136 lles escribiu aos seus irmáns para anunciarlles a morte da súa nai, lembráballes o consolo que ofrece decote a nosa Señora mesmo nos momentos máis difíciles da existencia, utilizando unha imaxe importante: "*Quando passavi in Bretagna, quando entravi in Italia, quando ti recavi a Roma, ella navigava al tuo fianco: vincevi le orribili vette, "orrenda cacumina", delle Alpi e degli Appennini. In tutti i gravi pericoli restava instancabilmente al tuo fianco...*"

19 Cfr. CAUCCI VON SAUCKEN, P., *Guida del pellegrino di Santiago. Libro quinto del Codex Calixtinus secolo XII*, Milán, 1989, p. 24 e ss.

20 Cfr. PICCAT, M., "I primi pellegrinaggi piemontesi a Santiago", en *Compostellanum, Revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela*, XLIV, n. 3-4 (1999), p. 417-443.

21 Cfr. STOPANI, R., *La Via Francigena*, op. cit., p. 26.

22 Cfr. DONNA D'OLDENICO, G., "Origine e aspetti dell'assistenza ospedaliera in Piemonte", en *Atti del primo congresso italiano di Storia Ospedaliera*, Reggio Emilia, 1956, p. 1-29.

23 Cfr. *La Chanson de Roland*, ed. I. Short, París, 1990, v. 814 e ss.

24 Para todas as referencias ás vicisitudes da viaxe dos abades de Cluny, cfr. OURSEL, R., *La via Lattea*, op. cit., p. 311-345.

Noutra carta dirixida a San Bernardo (1151-1152) atopamos a narración das mesmas circunstancias e reencontramos unha alusión á necesidade de protección celestial: *“Ciò che appariva complicato si è trasformato in una linea retta, le asperità sono diventate pianure. Anche le Alpi e i loro ghiacciai, anche le rocce condannate alle nevi eterne ci hanno permesso di dimenticare quasi completamente il loro antico orrore”*.

E así mesmo noutra carta, dirixida esta vez a Basilio, prior da Chartreuse, o mesmo Pedro confiáballe que durante as súas viaxes a Italia se sentía coma aquel que é levado ao patíbulo por mor do gran pavor que lle inspiraba a montaña.

Tampouco quen se preparase para a viaxe levando a axuda de animais ou doutros homes debía de percibir esta situación en modo moi distinto.

Ugo de Semur, de finais do século XI, outro célebre abade de Cluny, de camiño a Roma e cruzando o Monginevro viuse sorprendido por un desagradable accidente. A súa mula, nun paso delicado dos Alpes, empezou a patinar tras un movemento brusco, e conseguiu sosterse sobre o precipicio grazas tan só ás súas patas posteriores. A afortunada recuperación do animal e da súa ilustre carga entrou pronto nos lugares comúns do “prodixioso”.

A outro abade chamado Oddone acaeculle, no século anterior, unha aventura similar. Cando regresaba de Roma a Cluny a través do porto do Moncenisio²⁵, viviu unha vicisitude semellante. Así que chegou o paso atopouno completamente cuberto de neve. Correu daquela a solicitar o socorro dos Marrons, os habitantes de Lanslebourg que tiñan por oficio escoltar con zorras ás persoas que viaxaban deica ao seu país. Por desgraza para o abade, no transcurso da viaxe o seu cabalo tropezou e precipitouse no abismo. Véndose caer na sima, Oddone alzou os brazos ao ceo e encontrouse milagrosamente apoiado nunha árbore que se materializara de improviso. Despois que se viu salvo, nin da árbore nin do cabalo se volveu atopar o rastro²⁶.

O ascenso aos portos era aínda máis difícil debido á presenza de grupos de infelices que intentaban a aventura e morrían a miúdo de sede e de penurias. Os detalles particulares podémolos atopar nas relacións das viaxes do devandito abade Oddone e do seu sucesor Odilone; este último, por exemplo, cando subía cara ao Gran San Bernardo e acudindo en socorro do cortexo dos pobres esfameados que trataban de gabear por el, mandou repartirlles todo o viño que levaba; ao día seguinte atopou, milagrosamente, todos os odres cheos ata arriba.

25 Cfr. DONNA D'OLDENICO, G., *L'Ospizio del Moncenisio alla luce di documenti inediti dell'Archivio Vescovile di Torino, breve contributo alla storia dell'organizzazione ospedaliera sull'antica strada di Francia da Torino al Moncenisio*, Ciriè, 1961.

26 Cfr. Esta astucia constátase en moitas ocasións; atopámola tamén na relación máis tardía dun peregrino de Brescia: *“et de poy a sera parte calando, notarai che vilani stano conzano et menano abasso la zente per meza parpayola per homo, et alcuni per uno quarto...ben se po anchor andar a pede continuamente, ma per lo apiazer de ditto stremazar, quasi tutti se fano tirar...”*, en “Relazione di un pellegrinaggio bresciano verso S. Giacomo di Compostella nel 1523”, ed. a cargo de GUERRINI, P., en *Miscellanea di studi storici in onore di Giovanni Sforza*, Lucca, 1917, p. 606-609.

Por outra banda, as montañas eran lugares onde os peregrinos e os viandantes²⁷ se vían frecuentemente asaltados por ladróns; malfeitores cristiáns²⁸ ou árabes que a miúdo establecían nelas o seu refuxio.

É ben coñecida a narración do mesmo abade Oddone que acabamos de citar referente a cando foi asaltado por corenta bandoleiros, sempre neste mesmo paso dos Alpes; asalto do que saíu completamente ileso²⁹.

Para afrontar estes perigos e aliviar outras fatigas, algunhas ordes relixiosas abriron asilos e albergues en lugares sinalados, como os beneditinos e os cóengos regulares de santo Agostiño no leste pirenaico e máis tarde en Oulx; os cluniacenses directamente no camiño de Santiago a San Juan de la Peña, un descendente de Pedro o Venerable no monte Pirchirano (Sagra di San Michele) e outros moitos.

Mais, volvendo ao noso discurso, estes temores, probablemente atávicos e debidos ao descoñecemento da montaña, levaban asociados na época medieval a connotación dunha presenza diabólica contra a cal moitos xustos tiveron que combater sen descanso.

A este propósito espallouse pronto en toda Europa a crenza referente á loita vitoriosa entre Bernardo, arquiidiácono de Aosta, morto en 1081, e os demos da montaña e do porto correspondente que despois recibiu o nome de Gran San Bernardo.

A lenda, que as iconografías populares contribuíron a difundir exhaustivamente, relacionaba ese cume co relato do encadeamento do demo en persoa á vetusta columna colocada no pico do antigo *Mons Iovis*, dende onde dicían que se propagaba, nas noites de tormenta, un ouveo bestial que representaba o laio eterno do señor do inferno. Para conforto dos camiñantes e grazas ás súas múltiples pregarías, dicíase que o santo arquiidiácono fundara os albergues que levaban o seu nome. O lugar constituía –tamén para os peregrinos a Santiago, italianos e franceses en particular– un punto de atracción excepcional, ademais dun paso case obrigado.

A “Guía do peregrino” a Santiago, cando cita “tres grandes albergues no mundo”, menciona non por casualidade o de Mont Joux xunto cos similares de Xerusalén e de Santa Cristina no porto de Somport: “*Hec sunt hospitalia in locis necessariis posita, loca sancta, domus Dei, refectio sanctorum peregrinorum, requies egentium, consolacio infirmorum, salus mortuorum, subsidium vivorum. Hec igitur loca sacrosanta quicumque edificaverit, procul dubio regnum Dei possidebit*”³⁰.

En *O Misterio de San Bernardo de Menthon*, texto conservado nunha copia do século XV, sitúase o contexto cultural de referencia da suxestiva lenda coa aventura dun

27 Cfr. FERNÁNDEZ ALBOR, A., “La delincuencia en el Camino de Santiago en la Edad Media”, en AA.VV., *Il pellegrinaggio a Santiago de Compostela e la Letteratura Jacopea, Atti del Convegno Internazionale di Studi*, Perugia, 23-25 setembro 1983, a cargo de Scalia, G., Perugia, 1985, p. 127-134.

28 En tempos moito máis próximos aos nosos, as crónicas continúan ofrecendo vicisitudes de particular dramatismo, vividas nas cimas ou na súa proximidade, en detrimento dos peregrinos e dos camiñantes, como a da hospitalidade negada no albergue a oitos peregrinos atopados mortos polo frío en Moncenisio, en xaneiro de 1967. Cfr. “Mont Cenis, janvier 1679, l'ultime voyage”, en *Chemins de Compostelle*, n. 10 (1996), p. 11-20. Despois que se atoparon os cadáveres, o Senado de Savoia ordenou que se levase a efecto unha exhaustiva investigación.

29 Cfr. para as referencias á abadía de Cluny, cfr. OURSEL, R., *La via Lattea*, op. cit., p. 311-345.

30 Cfr. “*De tribus Hospitalibus Cosmi*”, en *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, op. cit., p. 237.

grupo de peregrinos franceses que, de camiño a Roma, acordaron deterse para comer no “*hostel du Bourg Saint Pierre*”, última parada antes de chegaren ao picouto do Gran San Bernardo³¹.

Estes, “*au bourg Saint-Pierre, au pied du Mont-Joux*” –despois de pediren “*bon vin... bon pain*”, alimentos típicos das boas rexións montańesas, así como poder catar o viño *muscadell* mellor que o tinto “*...de Vales*”– dirixíronse coas debidas precaucións “*Chascum de nous se mecte (en) cure/ de chiminer legieremant*”³². Entrementes, os demos, reunidos en torno á columna de Xúpiter ergueita no pico do monte, na escena prevista “*Au sommet du Mont-Joux*”, decidían a estratexia do asalto.

“*Adont doivent monter les monts, et les dyables dedans l’ydole appellent. Jupiter, au plus hault du mont, avesques les autres dyables, leur dist...*”, precipitándose sobre o grupo durante a ascensión.

Rematadas as súas penalidades e reunidos xa “*À Saint-Remi, derrière le Mont-Joux*”, cando o xefe do grupo lles preguntou como se encontraba cada quen:

“*Las! compaignons, je vous demande,
Comment vous va, mes chiers amis ?*”³³,

as frases que se formulan no diálogo que media entre eles dan conta da pavorosa situación que acababan de vivir. Tras a gran tormenta que os illou e os fixo sufrir tanto, os peregrinos descubriron o tráxico suceso:

“*Le IIe pelerin.
J’ay cuidiez aragier tout vif;
Oncques ne fu esbahis...*

[...]

*Le tiers pelerin.
Hélas! Que j’ay paour aussi!
Je ne sçavoie plus mot sonner.*

*Le IIII pelerin.
Oncques n’oy ainsi tonner;
J’en suis encore perdus.*

*Le V pelerin.
Sommes tous trestous descendus?
Or contons se nous sommes dix.*

31 Cfr. *Le Mystère de S. Bernars de Menthon*, por LECOY DE LA MARCHE, A., París MDCCCLXXXVIII.

32 Cfr. *Le Mystère de S. Bernard*, op. cit., p.36-40.

33 Cfr. *ibidem*, p. 46-50.

Le VI pelerin.

Demourés est le plus hardi

De nous, car il ne cy pas.

Le XII pelerin.

Il a esté pris au trapas,

Car je l'ay bien senty crier.

Le VIII pelerin.

Encore me convient trembler

Par force de la grant paour.

Le IX pelerin.

Je ne sçay s'il est nuit, ou jour;

Ainsi sui je tous esperdu.

Le povre homme si fu perdu

Et pris tout au plus près de moy.

Le premier pellerin.

Le plus gailliart home, je croy,

Qui fust en tout nostre pais.

Riens ne doubtoit, tant fust hardi,

Veés vous que c'est la grant pitié.

Le II pelerin.

Begni soit Dieu quant eschapé

Sont ly aultre Il n'ya remede,

Prions tous a Dieu qu'il nous aide

Et nous conduie en bon hostel...".

E en chegando a Aosta, todos xuntos se precipitaron a demandar o auxilio do bispo, explicándolle brevemente a súa aventura³⁴:

"Mon chier seigneur, en bonne foy,

Nous par ce mont passés,

ou avons eu de mal assés.

Ne savons qu'il est devenu

Ung compaignon a nous perdu.

La habitent faulx esperitz,

De nature humaine ennemis;

34 Cfr. *ibidem*, p. 114-116.

*Et je croy qu'en este cité
 Vous estes gens d'autoricté:
 Mettés vous en de vocion,
 A tout la crois et confacion,
 Et alés ce dyable destruire”.*

Ao seu regreso da peregrinación romana, os mesmos presentáronse perante o bispo:

*“Mon seigneur, vous sovient'il plus
 Commant nous fusme malmené
 A mon Jou, ou fust estranglez
 L'ung de nous gent, le plus vaillant?, ”*

reclamándolle de novo a súa intervención directa:

*“C'est petié de passer pour la.
 Retrecté vous ung pou en la.
 J'em parleray a mon chapitre”.*

Este expediente que, non obstante, se demostrou ineficaz para resolver o problema. Tan só a intervención de San Bernardo³⁵, colocado á cabeza dos camiñantes que marchaban cara ao porto, e as súas incisivas palabras:

*“Comandement vous fait a tous,
 De part Dieu, qui est tout puissant,
 Que ne touchiés ne po ne grant
 Les compaignion laissez passer.
 Perdu avés vostrte viertus.
 Rendé vous; ne poé fuyr”.*

lograron por fin liberar os lugares e conseguir a eterna prisión do maligno na malfadada columna; dende aquela o *Mons Iovis* pasou a formar parte das montañas seguras.

Así, deste xeito, pódense comprender os itinerarios descritos nos diarios dos peregrinos que encamiñaban os seus pasos en dirección a Moncenisio: eles devólvennos de contado o sentimento de medo, de preocupación e nerviosismo que debía de infundir-lles a visión da gran subida cara ás montañas e a necesidade que tiñan de abeirarse en lugares tutelados, aínda que diferentes do traxecto seguido tradicionalmente.

No exemplar texto publicado por Mario Damonte e escrito por un peregrino de finais do Quattrocento en viaxe de Florencia a Santiago, descríbese como se

35 Cfr. *ibidem*, p. 130-131.

aproximou ao val de Susa e como o cruzou. Aquí, o habitual percorrido do traxecto, de cidade en cidade, procede primeiro con regularidade: “*Moncholieri*³⁶ *un bello castello in poggio; passasi per drento ed è molto dovizioso; e nel duomo, cioè in chiesa, ècci il corpo del beato Bernardo; fa molti miracoli. Richoli*³⁷, *uno castello in ispiaggia; passasi per drento. Sancto Antonio della Aversa*³⁸, *una bella chiesa ed è in fortezza; qui si dà mangiare a chi vuole sendo pellegrino. Vigliano*³⁹ *un bello castello in poggio, passasi per drento, ècci buone hosterie. Una villa, chiamasi Sancto Antonio*⁴⁰; *sono parecchi chase e osterie. Bossolino*⁴¹, *un bello castello, passasi per drento; assai hosterie e buone; et allato passa el Po*⁴². *Susa una terra grande, assai hosterie*”.

Para verse sometido logo a unha proba aínda máis difícil con: “*Novales*⁴³, *una bella villa a piè del monte*” e por fin “*Cominciassi a salire la montagna del Monsanese*”⁴⁴.

Noutro itinerario de finais do Quattrocento, publicado por Renato Delfiol a propósito do mesmo traxecto, pero cun estilo diferente, reencontramos a mesma impresión con novos detalles. Entra aquí en xogo a alusión aos perigos das pasaxes e das condicións climáticas: Primeiro repítase a listaxe dos lugares:

<i>“Da Asti a Chieri</i>	<i>m. XVII</i>
<i>Da Chieri a Moncheri</i> ⁴⁵	<i>m. V</i>
<i>Da Monchieri a Rigoli</i> ⁴⁶	<i>m. VII</i>
<i>(delle loro che sono miglie dieci delle nostre).</i>	

<i>Da Rigoli a due miglia discosto si truova una chiesa di santo Antonio</i>	
<i>richa et ivi si dà bere; e poi si trova Vigliano che vi è Santo Antonio</i>	<i>m. III</i>
<i>D’Avigliana a una bella villa che si chiama Sto. Antonio</i> ⁴⁷	<i>m. V</i>
<i>Da decta villa di santo Antonio da Susa et in questo mezo</i>	
<i>è una buona villa”.</i>	<i>m. X</i>

Velaquí segue a descrición do efecto producido polo conxunto montañoso:

<i>“Da Susa alla Ferriera</i> ⁴⁸ <i>ch’è cominciamento di Monsanese a Susa</i> ⁴⁹	<i>m. X</i>
<i>Dalla Ferriera passamo Monsanese e andamo a una villa. che si chiama [...]</i>	
<i>e passamo più ville e andamo miglia trenta”.</i>	

36 Moncalieri.

37 Rivoli.

38 Santo Antonio di Ranverso.

39 Avigliana.

40 Sant’Antonino di Susa.

41 Bussoleno.

42 Dora Riparia.

43 Novalesa.

44 O Moncenisio. Cfr. DAMONTE, M., “Da Firenze a Santiago di Compostella: itinerario di un anonimo pellegrino nell’anno 1477”, en *Studi Medievali*, XIII (1972), f. 2, p. 1043-1049.

45 Moncalieri.

46 Rivoli.

47 Santo Antonio di Ranverso.

48 Ferrera Cenisio.

49 O Moncenisio.

O breve comentario sobre presenza no monte dun cemiterio de camiñantes e peregrinos sepultado na neve leva implícita unha recomendación: “...e in sul Monsanese si truova quello carnaio de morti che si truovano nella neve; et vuolsi guardare a passare con buon tempo...”⁵⁰.

De novo, a neve amoreada arredor da gran Cruz colocada no picouto da montaña é observada con preocupación evidente no relato, publicado por Paolo Guerrini, dunha peregrinación máis tardía con orixe en Brescia⁵¹:

“Da poi a Novalesa qual è la prima terra ch’è dal pè del monte seneseet tra Novalesa et Ferrera se passa el fiume Nischa⁵² et da poi ala gran Cruse, che dal principio del monte infino al colmo sono più de quattro milia grossi, et in cima.de ditta montagna.se camina circa doy ligi continuamente per neve, qual era alta.et sopra ditta neve camminando qual monte se chiama lo monte senese, et in cima de ditto monte è un lago qual mai non fu pesso⁵³ et è longo circa milia quatro et è al colmo dela ditta montagna la gran Cruce...”.

Tras o ascenso a tantas montañas onde o motivo do sufrimento parece ser predominante, alzábase para os peregrinos xacobeos, sempre segundo o texto da antiga *Guía do peregrino*, unha montaña distinta, a primeira que os introducía directamente no único e auténtico camiño de Santiago.

Así que entraban na vía Tolosana –ao longo do traxecto que conducía dende Arles ás rexións españolas, percorrido na súa maioría por peregrinos italianos– o primeiro encontro importante coa montaña tiña lugar nos Pireneos, co monte (e porto correspondente) de Cize; e era un encontro especial, abofé.

A *Guía do peregrino*, que normalmente está pouco atenta a fornecer estes detalles, presenta neste caso unha particular excepción que nos permite captar o seu significado: “*In terra etiam Basclorum, via Sancti Iacobi, est excellentissimus mons quod dicitur Portus Cisere, aut quia porta Yspanie ibi habetur, aut quia per illum montem res necessarie de alia terra ad aliam transportantur*”⁵⁴.

O superlativo *excellentissimus*, de *excellens*: ‘sobresaliente, que excede do talle doutro’, denota que esta altura era un lugar único e exemplar que se ofrecía á atención dos peregrinos.

Esta particular relevancia que aquí se suxire tamén asoma no texto co curioso destacado etimolóxico que se ofrece. O nome –dise– explícase porque o monte é porta de España, ou lugar a través do cal se transportan as cosas útiles, *portam...trasporta(re)*, o que vén significar que este monte constituía para os peregrinos o lugar escollido como entrada e saída dos camiños en España.

Se, de feito, as primeiras indicacións se asemellan en moito a outras proporcionadas anteriormente, do tipo “*Cuius ascensus octo miliariis et descensus similiter octo habetur*”,

50 Cfr. Un altro “itinerario” tardo-quattrocentesco da Firenze a Santiago di Compostella, op. cit., p. 603.

51 Cfr., *Relazione di un pellegrinaggio bresciano*, op. cit., p. 608-609.

52 Cenischia.

53 ‘intocado’.

54 *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, op. cit., p. 239.

de súpeto o discurso modifícase en consideración a unha inédita fronteira celeste: “*Sublimitas nacque eius tanta est, quod visa est usque ad celum tangere, cuius ascensori visum est propria manu celum posse palpitari; de cuius fastigio potest videri mare Brittannicum et occidental e et hora etiam trium regionum, scilicet Castelle, et Aragoni et Gallie*”.

Con estas frases o autor marca, por así dicir, a pasaxe no segundo momento do que se describiu como o nivel absoluto de “choque”⁵⁵ dos viaxeiros medievais: a sublimación épica da maxestosidade⁵⁶.

O nivel supremo do momento é presentado no texto da Guía como un pormenor en absoluto secundario, senón que constituirá un recordo indeleble no espírito de cada quen, facéndoo sentir de repente próximo a Deus e ao santo protector do camiño, e revelando ao mesmo tempo a esencia dunha auténtica montaña iluminada.

De feito, o texto recorda neste punto a un peregrino celeberrimo, o emperador Carlomagno, que se viu forzado, como primeiro descubridor dunha senda na montaña, a abrir un paso buscando o terreo máis seguro, e unha vez que chegou á cima, chantou prestamente na terra a cruz mentres elevaba unha oración ao Creador e a Santiago: “*In sumitate vero eiusdem montis est locus quod dicitur Crux Caroli, quia super illum, securibus et dolabris et fossoriis ceterisque manubriis, Karolus...in Yspaniam pergens, olim tramitem fecit signumque Dominice crucis prius in eo oravit et tandem, flexis genibus, versus Galleciam Deo et Sancto Iacobo precem fudit*”.⁵⁷

A imaxe, elaborada nunha época contemporánea ao proceso de canonización por parte do círculo federiciano do clero de Aix La Chapelle en 1165⁵⁸, constituía un precedente único que se ofrecía á atención dos novos peregrinos, mais era sobre *Stat crux* onde o vínculo entre o divino e o monte de Cize se facía evidente.

A oración, novo valor proposto polo lugar e iniciada nos confíns de España, viña ser así, dun modo aínda máis firme, o vencello co santo, transformando, a exemplo de Carlomagno, a montaña de Cize no primeiro santuario europeo e xacobeo á vez, pero non no único. De feito, a Guía remataba este fragmento presentando un ulterior e inédito comentario, antes de toda unha serie de xestos que acompañarían ao viandante na longa viaxe ao destino final: “*Quapropter peregrini, genua sua ibi curvantes*

⁵⁵ Cfr. para o efecto “choque” OURSEL, R., *La Via Lattea*, op. cit., p. 316 e ss.

⁵⁶ Reciprocamente, o autor testemuña aquí a súa débeda coa literatura odepórica cristiá das orixes, en particular co *Itinerarium (Peregrinatio) Egeriae (Etheriae)*, relato dunha peregrinación a Terra Santa. Tamén neste texto, que se remonta a principios do século V, encontramos a descrición do ascenso a unha montaña única, o Sinai, que parece reducir a cadea dos ‘excelsos’ montes da contorna visibles a simple vista a meros outeiros: “*Mons autem ipse per giro quidam unus esse videtur; intus autem ipse per giro quidam unus esse videtur; intus autem quod ingrederis plures unt, de totus mons Dei appellatur... Et cum hi omnes, qui per girum sunt, tam excelsi sint. quam numquam e tuto ridisse, tramn ipse illemadianus, in quodescendit maietas Dei, tanto altior est omnibus illis , ut , cum subissemus in illo, prorsus toti illi montes, quo excelsos videramus, infra nos essent, ac si colluculi permodici essent*”. Cfr. para o texto conservado nun manuscrito do século XI Spitzer L., “The Epic Style of the Pilgrim Aetherie”, en *Comparative Literature*, I (1949), p. 225-258.

⁵⁷ *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, op. cit., p. 239.

⁵⁸ Cfr. MORISSEY, R., *L'empereur à la barbe fleurie, Charlemagne dans la mythologie et l'histoire de France*, París, 1987, p. 102 e ss.

versus Sancti Iacobi patriam, ex more orant et singuli singola vexilla Dominice crucis infigunt. Mille etiam crucis ibi possunt inveniri”, e tamén “*unde primis locus orationis Sancti Iacobi ibi habetur*”⁵⁹.

A propósito das “cruceciñas” que levaban os peregrinos ao seu regreso de Compostela, posuímos unha noticia posterior no texto dun dos milagres ⁶⁰ atribuídos ao papa Calisto e narrados no III Libro do mesmo *Codex Calixtino*. En 1106, *in Apullie*, un soldado que padecía unha grave enfermidade de gorxa, desesperando de encontrar un remedio que o curase, solicitou a axuda de Santiago. O santo comunicoulle que “*si invire posset aliquam. crusillam quam a sancto Jacobo peregrini redientes secum deferre solent. et ex ea propriam gulam infirmam tangeret, statim remedium haberet*”⁶¹. Púxose en contacto inmediatamente cun peregrino *tetigit ad gulam et sanatur* antes de emprender ao seu regreso, xa curado, a peregrinación ansiada: “*et inde ad beati Iacobi limina in Galleciam profiscitur*”.

Pero, volvendo de novo ao fragmento da Guía, o autor precisa unha vez máis como, mesmo na montaña iluminada pola excelencia, poden existir espazos con sombras desacougantes: “*Navarri impii et Bascli. In eodem monte, antequam Christianitas in horis yspanicis ad plenum augmentaretur, Navarri impii et Bascli peregrinos ad Sanctum Iacobum pergentes non solum depredari, verum etiam ut asinos equitare et perimere solebant*”⁶².

En tales circunstancias, o autor dirixe os seus pensamentos aos peregrinos menos valorosos e presenta unha variante ao traxecto seguido, aínda que teimando na lembranza da tradición carolinxa⁶³: o val que se suxire como alternativa leva de feito por nome Valcarlos: “*Iuxta vero montem illum versus scilicet septentrionem, est vallis que dicitur Vallis Karoli in qua hospitatus fuit idem Karolus cum suis exerxitibus auando pugnatores in Runciavalle occisi fuere; per quam etiam multi peregrini ad Sanctum Iacobum tendentes transeunt, nolentes montem ascendere*”⁶⁴.

Paralelamente, neste caso a santificación dos lugares acádase habilmente mesturando a lembranza do sacrificio de Roland e dos seus en Roncesvalles coa presenza da capela e do albergue para os peregrinos: “*Postea vero in descensione eiusdem montis, invenitur hospitale et ecclesia in qua est petronus quem Rotolandus hero potentissimus, spata sua, a summo usque deorsum, per medium trino ictu scidit. Deinde invenitur Runciavallis, locus scilicet, quo belum magnum olim fuit factum in quo rex Marsirus et Rotolandus et Oliverus et alii pugnatores cum XL milibus Christianorum simul et Sarracenorum occisi fuere*”⁶⁵.

59 *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus, op. cit.*, p. 239. Por primeira vez no texto, o camiñante a Santiago devén peregrino que reza e deixa sinais particulares: abandonada a aparencia de viaxeiro, o individuo tórnase, detrás e dentro da imaxe de Carlomagno, en buscador e testemuño da mensaxe do Apóstolo. Por primeira vez a montaña, lugar de sufrimento e proba, devén metáfora de luz.

60 Cfr. HERBERS, K., “The Miracles of St. James”, en *The Codex Calixtinus and the Shrine of St. James*, WILLIAMS, J.-STONES, A. eds., *Jakobus Studien* 3, Tübingen, 1992, p. 11-36.

61 *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus, op. cit.*, p. 169.

62 Cfr. *ibidem*, p. 239-240.

63 Cfr. LÓPEZ MARTÍNEZ-MORÁS, S., *Epica y camino de Santiago, en torno al Pseudo Turpin*, A Coruña, 2002, p. 101 e ss.

64 *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus, op. cit.*, p. 240.

65 Cfr. *ibidem*, p. 240.

Por outra banda, a Guía constrúe tamén os seus percorridos partindo das posibles visitas⁶⁶ aos corpos dos santos cuxas leccións morais, de vida ou de ensinanza, se consideraba que podían atraer o interese e a participación do público.⁶⁷ Deste xeito, en memoria do antigo sacrificio de Roncesvalles, aqueles que desexaban ser acollidos no albergue ou tomar parte nas oracións ofrecidas na capela por tantos posibles compañeiros de viaxe, podían ver cumprido facilmente o seu desexo.

Principiado así o lento percorrido do traxecto en terras de España, o redactor da Guía, cun breve xesto, volve representar o ambiente montañoso; só cando o peregrino se atopa xa en terras de Galicia, cunha referencia importante, exemplificada no monte de Cize: *“Inde est Orbea, inde urbs Osturga, inde Raphanellus, qui captivus cognominatus est, inde hortus montis Yraci, inde Siccamolina, inde Pons Ferratus, inde Carcavellus, inde Villafranca de bucca vallis Carceria, inde castrum Sarracenicum, inde villa Us, inde hortus montis Februarii, inde hospitale in cacumine eiudem montis”*⁶⁸.

O lugar de refuxio do Cebreiro⁶⁹, *montis Februarii*, outro lugar singular na memoria dos peregrinos, cuxo recordo virá enraizarse posteriormente co milagre eucarístico de 1300, aparece citado coa importante sinalización da presenza do albergue, proba dunha nova santificación do lugar que, por outro lado, se ve reforzada cunha nova indicación: *“Inde Triacastella, in pede scilicet eiusdem montis in Gallecia, ubi peregrini accipiunt petram et secum deferunt usque ad Castaniollam ad faciendam calcem ad hopus basilice apostolice”*.⁷⁰

En Castañeda preparaban o cal que se utilizaba para os traballos de construción da gran basílica de Santiago. Os peregrinos levaban, en cumprimento da súa devoción, pedras calcarias que recollían en Triacastela, case como último rito propedéutico ao final da viaxe.

66 Cfr. DÍAZ Y DÍAZ, M. C., *Santos en los Caminos*, in *Visitandum est*, op. cit., p. 117-128; COSTANTINI, D., *Los Santos Militares del Codex Calixtinus*, V, VIII: *Legenda y Tradición*, ibidem, p. 107-116.

67 Neste ámbito a fin do heroe é narrada do mesmo xeito que as padecidas polos santos mártires citados e, da mesma maneira, preséntase o seu corno como reliquia digna de ser visitada: *“Hic tanta fortitudine repletus fuit, quo petronum quemdam, ut fertur, in Runciavalle a summo usque deorsum sua framea per medium, trino ictu scilicet, scidit, et tubam sonando, oris sui vento similiter per medium divisit. Tuba vero eburnea scilicet scissa apud Burdegalem urbem, in basilica beati Severini habetur, et super petronum in Runciavalle quidam ecclesia fabricatur”*. Así mesmo, está indicada a sepultura do cadáver do “beato” Roland para que os peregrinos poidan facer alí o alto debido: *“Deinde apud Blavium in marittima, beati Romani presidia pretenda sunt, in cuius basilica requiescit corpus beati Rotolandi martiris, qui, cum esset genere nobilis, comes scilicet Karoli magni regis, de numero XIIcim pugnatorum ad expugnandas gentes perfidas zelo fidei septus, Yspaniam ingressus est”*. *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, op. cit., p. 250. O mesmo ámbito cultural é recordado polo redactor da Guía tamén para os amigos de Roland, mortos canda el a Roncesvalles e xa citados. En concreto: *“Item in landis Burdegalensibus, villa que dicitur Belinus, visitando sunt corpora sanctorum martirum Oliveri, Gandelbodi regis Frisie, Otgerii regis Dacie, Arastagni regiset aliorum plurimorum scilicet Karoli magni pugnatorum qui, devictis exercitibus paganorum, in Yspania trucidati pro Christi fide fuere. Quorum preciosa corpora usque ad Belinum socii illorum detulerunt, et ibi studiosissime sepelierunt. Iacent enim omnes una in uno tumulo, ex quo suavissimus odor flagrat, unde coliniti sanantur”*, un dos signos máis patentes de manifestación pública de santidad. Cfr. ibidem, p. 250.

68 *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, op. cit., p. 236.

69 Cfr. URÍA RIU, J., *Del Cerbero a Portomarin*, en VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA, J. M. e URÍA RIU, J., *Las peregrinaciones a Santiago*, op. cit., II, p. 310 e ss.

70 *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, op. cit., p. 236.

O peregrino, fortificado nas adversidades da viaxe, sentíase membro, próximo xa á fin das súas fatigas, da nova *societas* da que agora formaba parte e demostraba, transportando voluntariamente as pedras, que quería entrar directamente na casa do seu novo Señor, que era xa agora o seu familiar compañeiro. O transcurso da viaxe non fora doada e a sorte de chegar ao destino talvez non favorecera a todos. Non obstante, o sostén do santo ao longo da vía das estrelas fora constante.

Pódenos valer como exemplo a mención do famoso milagre atribuído na antoloxía do *Codice Calixtino* a Uberto de Besançon⁷¹. Contra 1080, unha trintena de tudescos emprenderan camiño cara a Santiago tras prometérense todos eles, agás un, axuda mutua en caso de necesidade. Cando un dos participantes na viaxe caeu enfermo, todos os demais, despois de agardar quince días e estando moi próximos ao porto de Cize, quixeron proseguir camiño, coa única excepción daquel que non prometera nada. Os dous, o enfermo e o seu gardián, pasaron a noite sos *ad pedem prefati montis*, confiando no día seguinte. Cando este amenceu, o peregrino enfermo expresou o seu desexo de intentar a ascensión *temptaret montem ascenderet*, poñendo todas as súas forzas na empresa. Chegados *ad montis fastigium* pouco antes do serán, o doente morreu nos brazos do amigo que se viu só e asustado, velando *tum loci solitudine, tum noctis caligine* o cadáver.

Foi daquela cando o Apóstolo amado compareceu *quasi miles insidens equo*, montando dacabalo tanto ao morto coma ao peregrino que seguía con vida. Atravesando no tempo dunha noite o espazo dunha viaxe de dez días, Santiago detívose a pousar o morto *in monte Gaudii, uno milliario citra monasterium predicti apostoli* e pediulle ao seu compañeiro que fose avisar os cóengos do acontecido.

Este prodixio, que acadou unha notable difusión, tamén grazas á axuda da fácil e tranquilizadora iconografía, condúcenos por intervención directa do Apóstolo á cima da última montaña do longo itinerario, a máis esperada e a máis suspirada: a do *monte Gaudii*.

Como é ben sabido, o topónimo indica, non só no seo da tradición española, o lugar dende o cal se pode albiscar por primeira vez a meta última da peregrinación: no noso caso, a gran basílica de Compostela.⁷²

Para os peregrinos xacobeos esta visión segue, como xa dixemos, ao último rito citado na Guía, o de cargar coas pedras. O peregrino, que acaba de entrar na súa nova familia de adopción, pode participar con toda autoridade na subida do seu “Sinai”, quer dicir, do monte dende o cal terá un anticipo exclusivo da visión da gran basílica que o agarda, case un reflexo da Transfiguración evanxélica que se lle mostrará ilustrada no grande pórtico: “*Porta occidentalis habens duos introitus, pulcritudine, magnitudine et operatione alias transcendit portas. Ipsa maior et pulcrior aliis habetur*

⁷¹ *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, op. cit., p. 163.

⁷² Cfr. URÍA RIU, J., “De Portomarín a Santiago”, en VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA, J. M. e URÍA RIU, J., *Las peregrinaciones a Santiago*, op. cit., II, p. 351 e ss.

*et mirabilius operatur, multisque gradibus deforis, columpnisque diversis marmoreis...Cuius opera tanta sunt quia a nobis narrationibus comprehendere nequeunt. Sursus tamen Domenica transfiguratio qualiter in monte Thabor fuit facta, mirabiliter sculpsit. Est enim Dominus ibi in nube candida, facie splendens ut sol, veste refulgens ut nix, et Pater desper loquens ad ipsum; et Moyses et Elias qui cum illo apparuerunt loquentes ei excessum que completurus erat in Iherusalem. Ibi vero beatus Iacobus est et Petrus et Iohannes quibus transfigurationem suam pre omnibus Dominus revelavit*⁷³.

O texto da Guía preséntao simplemente como *mons Gaudii*, sen ningunha concesión á descrición do lugar; o certo é que se encontra demasiado cerca da cidade como para que o autor lle dedique unha atención particular, xa que encontra inmerso na descrición da cidade do Apóstolo. Non obstante, o mesmo *Codice Calixtino*, no devandito texto que acabamos de citar, deixaba ver que era este un lugar privilexiado entre todos grazas á aparición de Santiago, señor sempre disposto a defender os seus devotos e a conducirlos a porto seguro, aínda que este sexa a sepultura.

Igualmente así lle sucedeu, segundo os Evanxeos, ao apóstolo Santiago quen, canso pero incapaz de durmir, experimentara primeiro, no momento da Transfiguración de Cristo no monte Tabor, unha inmensa ledicia: “Señor, que ben estamos aquí!”, nas palabras de Pedro; despois un gran pavor ante a aparición da gran nube divina que envolvía todo o lugar, e por último a serenidade recobrada en recoñecendo a voz e o rostro do Mestre; de igual modo, no estado de ánimo dos peregrinos no monte canda a fin da súa viaxe debía de mesturarse sensacións contrastadas.⁷⁴

Da conmoción que sentiría ao camiñante á vista da casa do Apóstolo non hai alusión ningunha, obviamente, na Guía do Calistino. Emporiso, aparece explicitada nos relatos máis tardíos das viaxes italianas; tomemos como exemplo a de Domenico Laffi (Boloña 1681): “*Partiti da questa fonte salimmo per spatio di mezza lega, giungendo in cima d’una montagnola che si chiama monte del Gaudio. ove scoprimmo il sospirato e bramato san Giacomo, distante mezza lega circa; subito scopertolo, mettendoci in ginocchio e per grande allegrezza ci caddero dagl’occhi le lagrime e cominciammo a cantare il Te Deum, ma detti due o tre versetti e non più, che non potevamo pronuncia parole per la copia delle lagrime, che abbondanti ci scaturivanci dagl’occhi, con una tale compassione che il cuore legatoci, e li continui singhiozzi. ci fecero trattenere dal canto, fintanto che, sfogati dal pianto, che poscia cessato, ritornassimo alla pronuncia del cominciato Te Deum e così, cantando, continuammo a discendere fintanto che, sfogati dal pianto, che poscia cessato, ritornassimo alla pronuncia del cominciato Te Deum e così, cantando, continuammo a discendere finché arrivammo nel borgo....*”⁷⁵; e un relato do seguinte século escrito por Nicola Albani, peregrino en 1743: “*Prima d’arrivar alla città circa miglia due, cominciai a scoprire campanili, subito mi genuflessi in terra, e per mille volte ne baciai la terra, scalzandomi a piedi nudi, cantando a Santa Litanìa,*

⁷³ *Liber Sancti Jacobi Codex Calixtinus*, op. cit., p. 254.

⁷⁴ Cfr. Mateo, XII, 1-13; Marco IX, 2-13.

⁷⁵ Cfr. LAFFI, D., *Viaggio in Ponente à San Giacomo di Galizia e Finisterrae*, Boloña, 1681, ed. a c. de A. S. Capponi, Perugia, 1989.

frettoloso avanzavo". Tamén neste caso o momento aparece subliñado por unha conmoción e unha alegría fondas.⁷⁶

Un coñecido verso recórdalles aos *caminantes* que *no hay caminos, se hace camino al andar*; así, desta maneira, queremos concluír, lembrando como este dito é válido en toda circunstancia, alén de nas montañas; os *camiñantes* saben ben que **hai montes** que non se poden eliminar e que fan suar a quen **anda**; o extraordinario porén é que no camiño a Santiago mesmo as montañas *se hacen al andar*, alternando momentos e estados de ánimo, cotiáns e sublimes, comunais e individuais, e consolidando entrementes a certeza de que, no máis alto da cima que nos preocupa, escintilará, antes ou despois, o ceo.

Data de recepción: 29-VII-2008

Data de aceptación: 10-X-2008

76 Cfr. CAUCCI VON SAUCKEN, P., "Una nuova acquisizione per la letteratura di pellegrinaggio italiano: il *Viaggio da Napoli a san Giacomo di Galizia* di Nicola Albani", en *Il Pellegrinaggio a Santiago di Compostela*, op. cit., p. 327-427: "Invece dalla relazione di un pellegrino francese d'inizio 700, Guillaume Marnier, apprendiamo anche un curioso rituale profano, dalle origini antiche, che si svolgeva ancora sul monte del Gozo, vale a dire la cosiddetta elezione del "re" del gruppo pellegrini. Con tale designazione si intendeva infatti distinguere il primo gruppo dei viandanti che fosse riuscito a distinguere chiaramente, dalla sommità del Monte la sagoma della Cattedrale: 'avendola vista, lanciai il mio cappello in aria, facendo sapere ai miei compagni che venivano dietro, che avevo visto la torre'. Com-mossa e orgogliosa l'annotazione finale. Tutti, quando giunsero, ammisero che ero io re a dimostrazione di una personale esplosione di gioia nella grande festa comunitaria dell'arrivo". URIA RIU, J., *De Portomarín a Santiago*, en VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA, J. M., URIA RIU, J., *Las peregrinaciones a Santiago*, op. cit., II, p. 353 e ss.